



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 16)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **seis de maio de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de abril de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA VIALIDADE NA REDE VIARIA PROVINCIAL, ZONA 5 (2022-2024-A FONSGRADA, RIBEIRA DE PIQUÍN, NEGUEIRA DE MUÑIZ E NAVIA DE SUARNA).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da Mesa de contratación do día 28 de abril de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Primeiro.- Valoración da documentación.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

Orden de inicio de expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV:IV7CYLTJJ4GO35JS4X6F6ZYDG4.

Prego de prescricións técnicas,con CSV: IV7CTXZ4NQ4LTFGL6JXUPZKX74.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7C46L2NA52YTRP4VMTIYDSAE.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:IV7CZWDMDAX2JOURM2VYT4J7F6A.



Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado polo Secretario Xeral, con CSV:IV7CZWD2KBO357ZYA7XSMIYGAV.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CZWHOEFJ3LRPMAU7BEAL7B4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7CZWK4LFELYT6L3XYACBXVMY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 11 de marzo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7C23JTNNUPV6BTY4VBJYBVC4.

Acta da Mesa de Contratación do día 31 de marzo de 2022, con CSV: IV7CEOS3L4ML7XE7SMMQIZLD4M que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Primeiro.- Apertura de documentación administrativa.

Segundo.- Apertura criterios avaliados automaticamente.

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, e de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do Anexo I presentado polos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.A.
EXCAVACIONES GONI, S.L.
EXTRACO, CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan as súas propostas dentro do prazo outorgado a tales efectos resultando que a documentación presentada axústase aos requisitos recollidos no PCAP, a Mesa de contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación, procedendo acto seguido a apertura do Anexo II e á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

Criterios de adjudicación avaliables automáticamente (P.B.L. 684.511,85 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 143.747,49 €, o que fai un total de 828.259,34 €).

LICITADOR	OFERTADO	PUNTUACIÓNS									
COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.A.	1.-Comprométese a executar o a prestación obxecto do contrato de referencia polacantidade total de 653.571,91 euros (seiscientos cincuenta y tres mil quinientos setenta y un euros con noventa y un centimos), aos que haberá que engadir 137.250,10 euros (ciento treinta y siete mil doscientos cincuenta euros con diez centimos) euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 790.822,01 euros(setecientos noventa mil ochocientos veintidós euros con un céntimo).(MÁXIMO 70 PUNTOS)	1.- 70 PUNTOS.									
	2.-Comprométese a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente. Valorarase que estes vehículos conten con algún dos dous distintivos ambientais da DXT máis respetuosos co medio ambiente (Etiqueta ECO ou Etiqueta 0 emisións). (MÁXIMO 5 PUNTOS)	2.- 5 PUNTOS.									
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>VEHICULO</th> <th>ETIQUETA ECO</th> <th>ETIQUETA 0 EMISIÓNS</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>FURGONETA</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> <tr> <td>FURGÓN</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> </tbody> </table>	VEHICULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIÓNS	FURGONETA	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	FURGÓN	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
	VEHICULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIÓNS								
	FURGONETA	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non								
FURGÓN	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non									
3.-Comprométese á realización de inventario de deslinde en enlaces, interseccións e obras de paso ondeconflúan estradas da rede viaria provincial con estradas autonómicas, estatáisoudoutras entidades locais. A puntuación será de 10 puntos si se oferta a realización do inventario ou de 0 puntos en caso de non ofertarse. <input checked="" type="checkbox"/> SI se compromete <input type="checkbox"/> NON se compromete.	3.- 10 PUNTOS.										
4.-Comprométese a executar 1.670 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado "R" do cadro resume deste PCAP. (MÁXIMO 15 PUNTOS).	4.-2,78 PUNTOS										
TOTAL:		87,78 PUNTOS									
EXCAVACIONES GONI, S.L.	1.-Comprométese a executar a prestación obxecto do contrato de referencia polacantidade total de 657.131,38€ (seiscientos cincuenta e sete mil centotrinta e un euros con trinta e oito céntimos), aos que haberá que engadir 137.997,59€ (centotrinta e sete mil novecentos noventa e sete euros con cincuenta e nove céntimos) en concepto de ive (21%), o que ascende a un total de 795.128,97€ (setecientos noventa e cinco mil centovinte e oito euros con noventa e sete céntimos)(MÁXIMO 70 PUNTOS)	1.- 69,62 PUNTOS.									
	2.-Comprométese a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente. Valorarase que estes vehículos conten con algún dos dous distintivos ambientales da DXT máis respetuosos co medio ambiente (Etiqueta ECO ou Etiqueta 0 emisións). (MÁXIMO 5 PUNTOS)	2.- 2 PUNTOS.									
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>VEHICULO</th> <th>ETIQUETA ECO</th> <th>ETIQUETA 0 EMISIÓNS</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>FURGONETA</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> <tr> <td>FURGÓN</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</td> </tr> </tbody> </table>	VEHICULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIÓNS	FURGONETA	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	FURGÓN	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	
	VEHICULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIÓNS								
	FURGONETA	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non								
FURGÓN	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non									
3.-Comprométese á realización de inventario de deslinde en enlaces, interseccións e obras de paso ondeconflúan estradas da rede viaria provincial con estradas autonómicas, estatáisoudoutras entidades locais. A puntuación será de 10 puntos si se oferta a realización do inventario ou de 0 puntos en caso de non ofertarse. <input checked="" type="checkbox"/> SI se compromete <input type="checkbox"/> NON se compromete.	3.- 10 PUNTOS.										
4.- Comprométese a executar 0 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado "R" do cadro resume deste PCAP. (MÁXIMO 15 PUNTOS).	4.- 0 PUNTOS.										
TOTAL:		81,62 PUNTOS									
EXTRACO, Construccións e Proxectos, S.A.	1.-Comprométese a executar o a prestación obxecto do contrato de referencia pola cantidade total de 681.842,00 € (seiscientos oitenta e un mil oitocentos corenta e dous euros), aos que haberá que engadir 143.186,82 € (cento corenta e tres mil cento oitenta e seis euros con oitenta e dous céntimos) en concepto de ive (21%), o que ascende a un total de 825.028,82 € (oitocentos vinte e cinco mil vinte e oito euros con oitenta e dous céntimos). (MÁXIMO 70 PUNTOS)	1.-67,10 PUNTOS.									
	2.-Comprométese a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente. Valorarase que estes vehículos conten con algún dos dous distintivos ambientais da DXT máis respetuosos co medio ambiente (Etiqueta ECO ou Etiqueta 0 emisións). (MÁXIMO 5 PUNTOS)	2.- 5 PUNTOS.									
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>VEHICULO</th> <th>ETIQUETA ECO</th> <th>ETIQUETA 0 EMISIÓNS</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>FURGONETA</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> <tr> <td>FURGÓN</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> </tbody> </table>	VEHICULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIÓNS	FURGONETA	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	FURGÓN	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
	VEHICULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIÓNS								
	FURGONETA	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non								
FURGÓN	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non									
3.-Comprométese á realización de inventario de deslinde en enlaces, interseccións e obras de paso ondeconflúan estradas da rede viaria provincial con estradas autonómicas, estatáisoudoutras entidades locais. A puntuación será de 10 puntos si se oferta a realización do inventario ou de 0 puntos en caso de non ofertarse <input checked="" type="checkbox"/> SI se compromete <input type="checkbox"/> NON se compromete.	3.- 10 PUNTOS										
4.-Comprométese a executar 9.000 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado "R" do cadro resume deste PCAP. (MÁXIMO 15 PUNTOS).	4.- 15 PUNTOS.										
TOTAL:		97,10 PUNTOS									



De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

“Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.” (Limite importes inferiores a 723.293,94 euros).

OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.A.	790.822,01	37.437,33	4,5200%	Se incluye	No es Baja Temeraria
EXCAVACIONES GONI, S.L.	795.128,97	33.130,37	4,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
EXTRACO, S.A.	825.028,82	3.230,52	0,3900%	Se incluye	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	803.659,93	24.599,41	2,97%	803.659,93	Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales)			12,67%	723.293,94	

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.-EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, S.A.	97,1 PUNTOS
2.-COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.A.	87,78 PUNTOS
3.-EXCAVACIONES GONI, S.L.	81,62 PUNTOS

2º.- Requirir á empresa Extraco, S.A., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con

anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
681.842,00 euros	34.092,10 euros

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Resolución da Presidencia do día 5 de abril de 2022, con CSV: IV7CGXK53AZDZW7MY46FCPZBEM, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación e se procede á clasificación dos licitadores e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao licitador mellor clasificado.

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 28 de abril de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpórase ao expediente o certificado de non ter débedas pendentes coa Deputación Provincial de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o



íntegra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a documentación presentada pola empresa Extraco, Construcións e Proxectos, S.A. e considerala completa.

Adxudicar á empresa Extraco, Construcións e Proxectos, S.A. con NIF:A-31.002.644, a contratación do servizo para a execución de actividades de conservación e mantemento da vialidade na Rede Viaria Provincial, zona 5 (2022-2024- A Fonsagrada, Ribeira de Piquín, Negueira de Muñiz e Navia de Suarna), expediente Nº: 2022/CON_02/000008, nos termos expostos a continuación:

LICITADOR	OFERTADO					
EXTRACO, Construcións e Proxectos, S.A.	1.-Comprométese a executar o a prestación obxecto do contrato de referencia pola cantidade total de 681.842,00 € (seiscentos oitenta e un mil oitocentos corenta e dous euros), aos que haberá que engadir 143.186,82 € (cento corenta e tres mil cento oitenta e seis euros con oitenta e dous céntimos) en concepto de iva (21%), o que ascende a un total de 825.028,82 € (oitocentos vinte e cinco mil vinte e oito euros con oitenta e dous céntimos). (MÁXIMO 70 PUNTOS)					
	2.-Comprométese a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente.					
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>VEHÍCULO</th> <th>ETIQUETA 0 EMISIÓN</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>FURGONETA</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> <tr> <td>FURGÓN</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> </tbody> </table>	VEHÍCULO	ETIQUETA 0 EMISIÓN	FURGONETA	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	FURGÓN
VEHÍCULO	ETIQUETA 0 EMISIÓN					
FURGONETA	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non					
FURGÓN	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non					
	3.-Comprométese á realización de inventario de deslinde en enlaces, interseccións e obras de paso onde conflúan estradas da rede viaria provincial con estradas autonómicas, estatais ou doutras entidades locais. <input checked="" type="checkbox"/> SI se compromete					
	4.-Comprométese a executar 9.000 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado "R" do cadro resume deste PCAP.					

O prazo de duración do contrato será de dous (2) anos, sen posibilidade de prórroga.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 09:29 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da Mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Extraco, Construccións e Proxectos, S.A. con NIF:A-31.002.644, a contratación a contratación do servizo para a execución de actividades de conservación e mantemento da vialidade na Rede Viaria Provincial, zona 5 (2022-2024- A Fonsagrada, Ribeira de Piquín, Negueira de Muñiz e Navia de Suarna), expediente Nº: 2022/CON_02/000008, nos termos expostos a continuación:

LICITADOR	OFERTADO						
EXTRACO, Construccións e Proxectos, S.A.	1.-Comprométese a executar o a prestación obxecto do contrato de referencia pola cantidade total de 681.842,00 € (seiscentos oitenta e un mil oitocentos corenta e dous euros), aos que haberá que engadir 143.186,82 € (cento corenta e tres mil cento oitenta e seis euros con oitenta e dous céntimos) en concepto de iva (21%), o que ascende a un total de 825.028,82 € (oitocentos vinte e cinco mil vinte e oito euros con oitenta e dous céntimos).						
	2.-Comprométese a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente.						
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>VEHÍCULO</th> <th>ETIQUETA 0 EMISIÓN</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>FURGONETA</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> <tr> <td>FURGÓN</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> </tbody> </table>	VEHÍCULO	ETIQUETA 0 EMISIÓN	FURGONETA	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	FURGÓN	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	VEHÍCULO	ETIQUETA 0 EMISIÓN					
FURGONETA	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non						
FURGÓN	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non						
3.-Comprométese á realización de inventario de deslinde en enlaces, interseccións e obras de paso onde conflúan estradas da rede viaria provincial con estradas autonómicas, estatáis ou doutras entidades locais. <input checked="" type="checkbox"/> SI se compromete							
4.-Comprométese a executar 9.000 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado “R” do cadro resume deste PCAP.							

2º.- O prazo de duración do contrato será de dous (2) anos, sen posibilidade de prórroga. Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na propia acta de inicio, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Polo que se refire ás obrigas que se derivan da presente contratación, o importe do contrato ascende a 825.028,82 euros e fináncianse de acordo as seguintes anualidades (data estimada de comezo 1 de xullo de 2022):

	ANUALIDADE 2022	ANUALIDADE 2023	ANUALIDADE 2024
EXTRACO, Construccións e Proxectos, S.A.	206.257,21 euros	412.514,40 euros	206.257,21 euros



A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 e 2024 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.

Escrito do Concello de Paradela, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 210-211-212-213 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Paradela, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (210-211-212-213) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.



4. O Concello de Paradelas presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PARADELA	210	MELLORA DO CAMIÑO DO COTO	1531.76201	199,99€
	211	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESO A OUTEIRO (SANTA CRISTINA), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	492,45€
	212	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESO A VILACHÁ (CASTRO REI DE LEMOS), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	1.147,08€
	213	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESO A NAI E A BARRIDO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	39.977,19€

5. Por escrito de data 28/04/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PARADELA	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO NÚCLEO DE BACORELLE DESDE O CRUCE DE AS BUSTAREGAS	1531.76201	6.543,21€	41.816,71€	48.359,92€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Paradelas, no Plan Único 2021.”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Paradela e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PARADELA	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO NÚCLEO DE BACORELLE DESDE O CRUCE DE AS BUSTAREGAS	1531.76201	6.543,21€	41.816,71€	48.359,92€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2022.

Primeira.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Vilalba, solicitando modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Vilalba no que solicita a modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
VILALBA	267	URBANIZACIÓN DA RÚA DA PRAVIA	650.000,00€	250.000,00€	900.000,00€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV, relativos á adxudicación do investimento.

5. A Alcaldía do Concello de Vilalba a través de escrito de data 18/04/2021 solicita:

A modificación do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 267, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... modificacións no seu orzamento..” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
VILALBA	267	URBANIZACIÓN DA RÚA DA PRAVIA	685.774,25€	250.000,00€	935.774,25€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, infórmase favorablemente a modificación do investimento relativo ao Concello de Vilalba que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Vilalba, e en consecuencia, aprobar a modificación do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
VILALBA	267	URBANIZACIÓN DA RÚA DA PRAVIA	685.774,25€	250.000,00€	935.774,25€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Baleira, solicitando modificación/ substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Baleira no que solicita a modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BALEIRA	15	ACONDICIONAMENTO ACCESOS A MILLARES, INCLÚIDO HONORARIOS	--	17.680,63€	17.680,63€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV, relativos á adxudicación dos investimentos.

5. A Alcaldía do Concello de Baleira a través de escrito de data 21/04/2022 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 15, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... problemática co caudal de escorrentía existente ...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BALEIRA	15	ACONDICIONAMENTO ACCESOS A MILLARES, INCLUÍDO HONORARIOS	10.268,40€	17.680,63€	27.949,03€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.



Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Baleira que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Baleira, e en consecuencia, aprobar a modificación do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BALEIRA	15	ACONDICIONAMENTO ACCESOS A MILLARES, INCLUÍDO HONORARIOS	10.268,40€	17.680,63€	27.949,03€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON ADXUDICACIÓNS DE INVESTIMENTOS DE PLAN ÚNICO 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto os informes do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polas Alcaldías dos Concellos de Burela, Chantada, O Incio e Trabada achegáronse certificados de adxudicación de investimentos, incluídos no Plan Único 2021, e en relación cos mesmos infórmase o seguinte:

Primeiro.- Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29-12-2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Segundo.- O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30-03-2021, figurando incluídas as obras que se sinalan.

Terceiro.- As bases do plan único establecen na base 16 “... os concellos adxudicarán e formalizarán, de proceder, os contratos referentes as actuacións incluídas no Plan ata o 30 de novembro de 2021”

Cuarto.- Os concellos que se indican, presentaron os correspondentes certificados do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración – (anexos III ou IV)-, no que se sinalan as datas de adxudicación, figurando adxudicadas en data posterior ao prazo previsto nas bases, (30/11/2021).

As datas de adxudicación que figuran nos Anexos III dos investimentos indicados, dos respectivos Concellos son:

CONCELLO DE:	INVESTIMENTO PUC/21 N°:	DATA ADXUDICACIÓN
BURELA	41	25/03/2022
CHANTADA	75	10/02/2022
O INCIO	125	03/12/2021
O INCIO	126	03/12/2021
TRABADA	308	03/02/2022

Así mesmo os concellos acompañan documentación indicando os retrasos na adxudicación das obras, incorporada ao expediente, e que en síntese se refiren a situación derivada da Covid-19, falta de persoal, escaseza de subministracións e materiais e acumulación de procedementos.



Quinto.- En relación coas adxudicacións, fora do prazo inicialmente previsto, das referidas obras, por parte dos Concellos indicados, cabe admitir a adxudicación, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analoxía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 12 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que “...transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada...”, trámite que non se ten efectuado, no marco do procedemento de xustificación da achega concedida. Tampouco está iniciado o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da achega, toda vez que están en prazo para presentar a xustificación do investimento.

Neste sentido e como regra xeral, os interesados sempre poden aportar alegacións antes do trámite de audiencia, garantizado polo artigo 42 da LXS, no procedemento de reintegro que se aplica ao procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro dunha subvención (artigo 89 do RXLS). Neste caso non se ten producido nin un nin o outro.

Sexto.- Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, “... Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se produce antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo”.. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite da adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2021, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de adxudicar os investimentos indicados, incluídos no Plan Único 2021, dos Concellos indicados, e a achega a esta Deputación, debe entenderse presentadas e realizadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Sétimo.- En relación coa adxudicación dos investimentos fora do prazo inicialmente fixado, de acordo co establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción

dos seus compromisos a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado III do artigo 17 da lei ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención, tendo en conta o grao de intencionalidade, a contía e a gravidade do incumprimento, os prexuízos que se podan causar a terceiros e o prexuízo para os intereses públicos.

O aludido artigo 17.3.n) da LXS establece que a norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, entre outros, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente vaia percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

Oitavo.- O Servizo de Contratación e Fomento ven aplicando en casos precedentes e semellantes ao exposto o principio de proporcionalidade e considera que procede aceptar a adxudicación fora do prazo inicialmente establecido, ou das súas prorrogas, de ser o caso, con base no establecido no artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 28 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo ao amosarse unha actividade tendente ao cumprimento dos fins e obxectivos da subvención, polo beneficiario. A este respecto, cabe destacar o indicado no Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid, de 12 de marzo de 2013 que, en relación coa presentación fóra do prazo establecido dos documentos xustificativos polo beneficiario, establece que: “ ... acreditado como queda el cumplimiento de la finalidad de la subvención dentro del plazo establecido en la orden reguladora de la subvención objeto de discrepancia, y teniendo en cuenta lo anteriormente expuesto, a juicio de esta Intervención General, no procede imponer el reintegro de las cantidades abonadas al beneficiario por la aportación extemporánea de los documentos justificativos de dicho cumplimiento, en tanto que, la inobservancia de un requisito de carácter formal no puede implicar una sanción de consecuencias patrimoniales desproporcionadas para aquel, como sería el caso del reintegro de la totalidad de la ayuda. En este sentido se ha pronunciado la jurisprudencia más reciente, como es el caso de la sentencia de 29 de febrero de 2000 del Tribunal Superior de Justicia de Asturias, que confirma la no aplicabilidad del reintegro de la subvención por el beneficiario que incumple sus deberes formales de justificación (...)”.

O artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total



e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da lei ou, no seu caso, ás establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

Noveno.- Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que “non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestímulo” ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A STS 6/6/2007 aclara que “el principio de proporcionalidad... permite emplear ciertos criterios de graduación de los posibles incumplimientos de las condiciones impuestas al conceder las subvenciones. Casos...en los que no existe un incumplimiento absoluto de la obligación de justificación, pueden no ser tratados del mismo modo que estos últimos. Si se trata de una justificación ligeramente tardía, resulta indiscutible la realización efectiva y material- y dentro de su plazo propio- de las condiciones sustantivas y concurren las circunstancias excepcionales que ya hemos descrito, habrá junto de las relaciones Administración- beneficiario”.

A STSJ de Castilla e León, Valladolid, 103/2007 de 19/1, nun suposto en que a presentación dos xustificantes de gastos se fizo 2 días despois da finalización do prazo, declara que non é procedente a revogación por “desproporcionada en relación con la naturaleza del incumplimiento que se atribuye a la parte, pues de seguir esta interpretación cualquier incumplimiento, por mínimo que fuese, acarrearía necesariamente la revocación de la subvención..” pero matiza “salvo que se desprenda que el incumplimiento del plazo de presentación, en relación con las normas de la convocatoria haya tenido una naturaleza trascendente para el fin de la subvención, o haya podido tener influencia en el ejercicio por la Administración de sus potestades de control y fiscalización...”

Décimo.- Neste sentido, cabe mencionar que as bases do Plan Único non indican consecuencias “fatales” ou de exclusión á circunstancia de non presentar en prazo as adxudicacións dos investimentos. Debe terse en conta o principio de “proporcionalidade” e a boa fe, xunto coa lealdade institucional, unido ao efecto útil do procedemento administrativo.

Décimo primeiro.- Ademais, na base 18 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31/10/2022, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15/11/2022, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

Décimo segundo.- Tendo en conta as adxudicacións indicadas, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo, aínda que non previsto nas bases, enténdese que sexa a Xunta de Goberno desta Deputación, por analoxía ao establecido no relativo ás modificacións ou actuacións financiadas con cargo a aforros, de conformidade co establecido nas bases reguladoras do Plan Único 2021.

Conclusión.

Visto o antedito, cos datos obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, e tendo en conta que non é finalidade da administración Provincial cernar procedementos canalizados para servir ao interese xeral, e moi especialmente no plan que nos ocupa, dando cumprimento á competencia e responsabilidade do ente Provincial de cooperar cos Concellos, e en consecuencia, non se observa un detrimento ou perda; non existe ningunha circunstancia competitiva na tramitación, senón unha ordenación procedemental para alcanzar os obxectivos do plan, sendo estas as pautas aplicadas, desde que se comezou a implantar e aplicar o plan único, de sorte que existen numerosos precedentes en distintas tramitacións dos plans precedentes, entende o que subscribe, que os trámites para a adxudicación, aínda que realizados con demora, non deben impedir, en aplicación do principio de proporcionalidade, que se acepte ditos certificados, toda vez que, ademais, está en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar aos concellos en función da xustificación presentada, polo que se informa favorablemente a aceptación dos anexos III relativos aso Concellos sinalados dos investimentos indicados, inda adxudicados fora do prazo inicialmente establecido.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aceptar, á vista da súa xustificación e informe do Servizo de Contratación e Fomento, os anexos III de adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único 2021, achegados polos concellos indicados, no que a adxudicación se ten realizada na data que se indica, con posterioridade a data límite fixada, tendo en conta que están en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar ao concello:

CONCELLO DE:	INVESTIMENTO PUC/21 N°:	DATA ADXUDICACIÓN
BURELA	41	25/03/2022
CHANTADA	75	10/02/2022
O INCIO	125	03/12/2021
O INCIO	126	03/12/2021
TRABADA	308	03/02/2022

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo a subscribir co Concello de O Valadouro, para a realización da actividade “III Feira de razas autóctonas da Mariña”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro, para a realización conxunta dunha actividade, “III Feira de razas autóctonas da Mariña”, para o fin común de promoción de feiras no medio rural; e do gasto, por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación

orxamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de O Valadouro, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.

O representante do Concello de O Valadouro solicitou, o 12 de abril de 2022, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, “III Feira de razas autóctonas da Mariña”, para o fin común de promoción de feiras no medio rural.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 28 de abril de 2022.



Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro, para a realización conxunta dunha actividade, “III Feira de razas autóctonas da Mariña”, para o fin común de promoción de feiras no medio rural, por importe total de 21.951,33 €, dos que 10.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 11.951,33 € a cargo do Concello de O Valadouro.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de O Valadouro, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar (a través dun anticipo) na execución do proxecto subvencionado polo IDAE: “Instalación do alumeado público de Pol”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar (a través dun anticipo) na execución do proxecto subvencionado polo IDAE: Instalación do alumeado público de Pol. Ano 2022.

En relación ao asunto de referencia (EXP 2022/PES_03/007302) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) resolveu, o 07 de febreiro de 2020, favorablemente a solicitude do Concello de Pol formulada no contexto do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (B.O.E nº144 de data 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro (B.O.E nº 314, do 29 de decembro de 2018), e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril (B.O.E nº 130 do 30 de abril de 2019).

INSTALACIÓN	CUSTO TOTAL DA INVERSIÓN	AXUDA OUTORGADA (O 80% con financiación FEDER)
Instalación do alumeadado público de Pol	839.247,77€	671.398,21€
TOTAL	839.247,77€	671.398,21€

Trala tramitación do oportuno expediente de contratación dos subministros, obras e servizos necesarios para a execución das actuacións precisas para cumprir cos prazos de execución previstos no proxecto, os importes quedan do seguinte xeito:

INSTALACIÓN	CUSTO TOTAL DO PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIONADO (O 80% con financiación FEDER)
Instalación do alumeadado público de Pol	684.587,34 €	547.669,87 €
TOTAL	684.587,34 €	547.669,87 €

Segundo.- O representante do Concello de Pol achegou escrito (o 14 de abril de 2022 - 2022RT005147) no que literalmente se recolle o seguinte:



“(…) O prazo establecido para xustificar as referidas actuacións é o 13 de agosto de 2022, para o cal o Concello de Pol precisa de liquidez que lle permita aboar as certificacións ao contratista adxudicatario, e todo elo sen incorrer en endebedamento.

Non é posible concertar unha operación de tesouraría, nos termos establecidos no artigo 51 TRLRHL, debido a que este Concello xa dispón de operacións deste tipo cuxo importe global supón o 30% dos ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio anterior. Así mesmo, tampouco resulta factible unha operación de crédito a longo prazo observando o disposto na Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, xa que a débeda viva deste Ente Local non é inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior nin presenta aforro neto positivo.

Así as cousas, e dada a inviabilidade de solicitar un anticipo da subvención concedida debido as características e esixencias que rexen tal solicitude, o Concello de Pol insta á Excm. Deputación Provincial de Lugo ao adianto de fondos por valor de 547.669,87€. Importe que se reintegrará no momento en que o órgano que concede a subvención abone a suma debida ao Concello de Pol, quen, a súa vez, se compromete ao pago dos intereses que se poidan devengar.

Como garante da devolución do fondos adiantados, este Concello comprométese á xustificación da citada subvención en tempo e forma, así mesmo, pon a disposición do Ente Provincial a posibilidade de detraer dos impostos municipais, que xestiona por delegación, o importe que fora preciso, de ser o caso”.

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- No artigo 36.1 da LBRL se recollen como competencias propias das Deputacións: “A Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión” (artigo 36.1.b) e “A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito” (artigo 36.1.d). Así mesmo, en aplicación do artigo 36.2 letra d) da citada lei “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Así mesmo é de destacar que no artigo 26.2.f) da LBRL establécese que nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes será a Deputación provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación do servizo de alumado público.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRLBRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...). 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

Terceira.- No artigo 111 do TRLBRL dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- É de destacar o establecido no artigo 49 do TRLHL e no artigo 114 da LALGA que regula as operacións de crédito público, xa que por analogía debe interpretarse a posibilidade de concesión de anticipos. Anticipo que, neste suposto, se concede en base á cooperación económica da Deputación e se canaliza a través dun convenio de cooperación.

Quinta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa



formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da LRXSP indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da citada Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 -técnicas de cooperación- da LRXSP: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben, (...)”.

Segunda.- O artigo 47.1 da LRXSP, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. (...). Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou

mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de LRXSP, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.



Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da LRXSP e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal

interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- A competencia que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñe plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos) e no artigo 26.2.f) da LRBRL (prestación do servizo de alumeadado público).

Segunda.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de



cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Terceira.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Cuarta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 547.669,87 €, na aplicación orzamentaria 9420.82120 do vixente orzamento xeral.

Quinta.- O órgano competente para a aprobación do gasto e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8. e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Por todo o exposto, e ante a inminente expiración do prazo de xustificación do pago das facturas por parte do Concello de Pol- que non conta con capacidade económica para facer fronte aos mesmos- ao IDAE, infórmase favorablemente a aprobación do convenio dado e a súa tramitación é axustada a dereito.”

Por todo o exposto, e tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a concesión dun anticipo a favor do Concello de Polo para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Instalacións de alumado público” no Concello de Pol, (proxecto subvencionado polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

2º.- Aprobar o gasto por importe de 547.669,87 € a favor do concello de Pol en concepto de anticipo para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Instalacións de alumeadado público” no Concello de Pol, (proxecto subvencionado polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) con cargo á aplicación orzamentaria 9420.82120 do vixente orzamento xeral.

3º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar (a través dun anticipo) na execución do proxecto subvencionado polo IDAE: “Instalación de alumeadado público de Pol”. (convenio a través do que se canaliza e formaliza o anticipo de 547.669,87 € a favor do Concello de Pol)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo de Portería e Vixiancia, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fóra de contrato, polo importe de 1.034,40 €.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Portería e Vixiancia, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Factura Nº 22D006030 da mercantil Grupo Disofic, S.L.U. de data 09/03/2022, correspondente a material de oficina de uso xeral (Lote I) con número de autorización 47 e número de Rexistro de Facturas, F/2022/762.

Total: 1.034,40 €



Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Portería e Vixiancia, manifestando as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 20/04/2022 na que se aproba que se continúe co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validacion do gasto polo importe de 1.034,40€ segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propoñendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 1.034,40 €.

Total....1.034,40 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA NA ANUALIDADE 2022.

Visto o informe do Servizo de Cultura e Turismo, no que se manifesta que, debido a necesidade de enmendar un erro material no expediente, procede deixar o presente asunto sobre a mesa. A Xunta de Goberno por unanimidade, acorda deixar o asunto sobre a mesa.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE SOLICITUDES DE SUBROGACIÓN NA CONDICIÓN DE BENEFICIARIOS DAS SUBVENCIONS PARA A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIONS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Solicitudes de subrogación na condición de beneficiarios das subvencións para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020, outorgadas por Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021.

Tramitado o procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Gallega nas explotacións lucenses. Eixo 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Gallega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, en sesión ordinaria celebrada o 18 de xuño de 2021, entre outros:

“1º.- Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA), o 11 de xuño de 2021, que consta no expediente.

2º.- Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.

3º.- Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios e polos importes que se relacionan na certificación emitida por aquela o 14 de xuño de 2021, que tamén se axunta a esta proposta.”

Do Acordo citado no apartado anterior derivou a atribución da condición de beneficiarios de subvencións e outorgamento de axudas, entre outros a: D^a. Raquel Martínez Fernández, con DNI nº: ***7997**, por importe de 616,32 €; D. Rosendo Pardo Caldeiro, con DNI nº: ***4601**, por



importe de 616,32 €; e D. Gumersindo Rouco Fernández, con DNI nº: ***2219**, por importe de 308,16 €.

A finalidade de ditas axudas é a de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Gallega nas explotacións lucenses; sendo subvencionable a inscrición de femias reprodutoras desa raza no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico de aquela, xestionado por ACRUGA, co compromiso do titular da explotación de manter a reprodutora un mínimo de 24 meses na explotación dende a data da inscrición.

O 25 de marzo de 2022, a entidade colaboradora ACRUGA iniciou expediente na sede electrónica desta entidade (2022/PES_03/005549), no que se integraron tres comunicacións de cambio de titularidade das explotacións propiedade dos beneficiarios citados nos parágrafos anteriores, xunto con escritos de:

D. Jesús Antonio Fernández García, con DNI nº: ***9635**, en nome e representación da entidade Ganadería Os de Nacio, SC, con NIF: J05290234.

D.^a Manuela Vázquez Prado, con DNI nº: ***4753**.

D.^a M^a Soledad Lozano Cillero, con DNI nº: ***7175**.

Nos ditos escritos solicítase a subrogación na condición de beneficiarios das subvencións outorgadas a D.^a Raquel Martínez Fernández, a D. Rosendo Pardo Caldeiro, e a D. Gumersindo Rouco Fernández, respectivamente.

Con base nestes antecedentes e na documentación que integra o expediente, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe, o 7 de abril de 2022 (modificado por erro material o día 21 do mesmo mes), favorable á estimación de ditas solicitudes e, polo tanto, á autorización da subrogación na condición de beneficiarias das subvencións citadas nos parágrafos anteriores, quedando as solicitantes sometidas ao réxime de dereitos e obrigas establecido nas bases reguladoras das subvencións e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.

No expediente consta informe da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, favorable á estimación das citadas solicitudes.

Á vista do expediente, a Unidade de Intervención informou favorablemente a estimación das solicitudes e a autorización das devanditas subrogacións.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- A estimación da solicitude presentada por D. Jesús Antonio Fernández García, con DNI nº ***9635**, en nome e representación da entidade Ganadería Os de Nacio, SC, con NIF J05290234, e a autorización da subrogación na condición de beneficiaria da subvención concedida, por Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021, a D.^a Raquel Martínez Fernández, con DNI nº: ***7997**, por importe de 616,32 €; quedando aquela sometida ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.

2º.- A estimación da solicitude presentada por D.^a Manuela Vázquez Prado, con DNI nº: ***4753**, e a autorización da subrogación na condición de beneficiaria da subvención concedida, por Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021, a D. Rosendo Pardo Caldeiro, con DNI nº: ***4601**, por importe de 616,32 €; quedando aquela sometida ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.

3º.- A estimación da solicitude presentada por D.^a M^a Soledad Lozano Cillero, con DNI nº: ***7175**, e a autorización da subrogación na condición de beneficiaria da subvención concedida, por Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021, a D. Gumersindo Rouco Fernández, con



DNI nº: ***2219**, por importe de 308,16 €; quedando aquela sometida ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses, Eixo 2: Promoción e potenciación de reproductoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, AÑO 2021.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de decembro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 293, do 23 de decembro de 2021, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Vicepresidenta, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

Entidade	Subvención
Asociación Cultural Amigos da Liga Santaballea	1.227,00

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE INVERSIONES EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS, AÑO 2021.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvenciones concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de decembro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 293, do 23 de decembro de 2021, para a concesión de subvenciones destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais na anualidade 2021; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Vicepresidenta, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

Entidade	Subvención
Círculo de las Artes	1.722,00
Asociación Cultural Amigos da Liga Santabalesa	1.430,00
Centro de Benquerencia Instrucción Recreo	1.585,00
Sociedad Cultural Recreativa Musical Leticia	1.647,00

12.- PROPOSTA EN RELACIÓN CON RENUNCIAS DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, AÑO 2021.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvenciones concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de outubro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 138 do 19 de xuño de 2021,



para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Nome Entidade	Nome Actividade	Subvención
Club Anca	Trofeo de Nadal "Vila de Sarria" Patinaxe Artística	914,00 euros

13.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº90/2022-F.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº90/2022-F interposto pola entidade Allianz fronte á desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta pola cantidade de 2.776,10 euros, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO Nº 109/2022-C.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº109/2022-C interposto por D. Julio Pérez López fronte á “desestimación presunta de la petición formulada ante la Diputación Provincial de Lugo en virtud del escrito presentado en fecha 4 de noviembre de 2021...” en materia de urbanismo, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- *Dación de conta da resolución da prestación de servizos veterinarios na Granxa Provincial Gayoso Castro.*

Dase conta de que o día 28 de abril de 2022 asinouse Decreto que resolve:



“Primeiro.- A imposición de penalidades a Diego Villasante Armas por importe de 168,00 €. As penalidades faranse efectivas contra a garantía depositada por importe 280,00€ (número de expediente 121/XEN/4792). A garantía restante será cancelada.

Segundo.- Incoar así mesmo expediente para declaración dunha prohibición para contratar con esta Deputación pola causa establecida no artigo 71.2b) da LCSP.

Terceiro.- Declarar deserto o procedemento de contratación do Lote 2, Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais da Contratación da prestación de servizos veterinarios na Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo. Expediente Nº: 2021/CON_02/000045, por ser Diego Villasante Armas o único licitador que se presentou.

Cuarto.- Dar traslado a Intervención e Tesourería desta Resolución.

Quinto.- Dar conta á Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

Segundo.- *Dación de conta da sentenza nº 96/2022, de 8 de abril, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 122/2021.*

Dase conta da sentenza nº 96/2022, de 8 de abril, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 122/2021, seguido a instancia de Plus Ultra Seguros Generales y Vida, S.A. de Seguros y Reaseguros, S.A. fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, e en cuxo fallo di o seguinte: “*Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal Plus Ultra, S.A. frente a la Diputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 122/2021, con intervención de “Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.” contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que se declara conforme al ordenamiento jurídico. Con expresa imposición de costas a la parte actora respecto de la Administración demandada, hasta la cifra máxima de doscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrada.*” A Xunta de Goberno queda enterada.

Terceiro.- *Dación de conta da Sentenza nº268/2021, de 3 de novembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 160/2021-P.*

Dase conta da sentenza nº 268/2021, de 3 de novembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 160/2021-P, seguido a instancia de Agrocastro, S.L. fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de Agrocastro, S.L. frente a la Diputación Provincial de Lugo, seguido como Proceso Abreviado número 160/2021, con intervención de “Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que se declara conforme al ordenamiento jurídico. Sin expresa imposición de costas”.* A Xunta de Goberno queda enterada.

Cuarto.- *Dación de conta do Decreto nº149/2021, de 22 de outubro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 245/2021/A.*

Dase conta do Decreto nº149/2021, de 22 de outubro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 245/2021/A, seguido a instancia de D^a. María Estefanía Sierra Abad fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, e en cuxa parte dispositiva di o seguinte: *“Tener por desistido al recurrente María Estefanía Sierra Abad declarando la terminación de este procedimiento”.* A Xunta de Goberno queda enterada.

Quinto.- *Conta e cumprimento Sentenza nº76/2022, de 21 de marzo, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 286/2021-P.*

Dase conta da Sentenza nº 76/2022, de 21 de marzo de 2022, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 286/2021-P, seguido a instancia de Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. fronte á resolución desestimatoria de data 30 de agosto de 2021 en materia de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na estrada LU-P-4102, P.K. 17,1, e en cuxo fallo di o seguinte: *“Debo estimar y estimo el recurso contencioso- administrativo presentado por*



la entidad de seguros Allianz frente a la Diputación Provincial de Lugo, en impugnación de la desestimación expresa dictada en la resolución de 30-08-2021, dictada en el expediente 34/2021 y condeno a la Administración demandada a abonar a la entidad recurrente la cantidad de tres mil setecientos cuarenta y cuatro euros con setenta y seis céntimos, -3.744,76- euros, con intereses al tipo legal desde el 26-05-2021. Las costas de la instancia se imponen a la Administración demandada, si bien limitando el importe de la indemnización a recibir, cualquier que sea el importe y conceptos que se incluyan en la tasación de costas, a la cantidad de -300- euros". A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, da cantidade de 300 euros, importe da franquía do seguro de responsabilidade que ten contratado esta Deputación.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.